

15 ANOS A COVA DA TERRA



Artista 2010

A foto que fala

Venda de obleas no Carrefour. Fútbol, a nova relixión



O trasno Imaxina un país normal

Daniel López

Cada un dos moradores desta Vice-república do Grelo Zeibe (VrGZ) temos un imaxinario persoal sobre o idioma galego. Imaxes, experiencias, prexuízos. Tamén son expectativas, valoracións, frases feitas, íntimos convencementos que pertencen á esfera do indiscutible. En función diso construímos diversas visións sobre o presente e o futuro da lingua. Tamén os políticos.

Nunca esquecerei a “visión” daquel crego mindoniense, cando hai anos nun estudo sobre estas cousas, ao ser preguntado sobre o uso do galego na súa liturxia, respondeu con total

frescura: “eu o galego non o uso para misar porque ten moitas palabras soeces”.

Tampouco non é para perder de vista a “visión” dos xornalistas. No pasado 2010 houbo un titular de “La Voz de Galicia” (non invento, publicouse o 5 de maio na edición de Carballo¹) que é para gardar nas hemerotecas. A cousa dicía así: “Dos encapuchados de habla gallega atracan a punta de pistola la estación de servicio de A Ponte do Porto”.

Hai mocidade estudada nas nosas cidades, mesmo xornalistas en exercicio, honesta e absolutamente convencida de que o galego non se fala en Galicia, quitados os parlamentarios diante da Cámara e os políticos do Bloque diante das cámaras. Por iso resulta salientable que nun atraco os seus perpetradores “hiciesen uso del habla gallega”, especialmente na Ponte do Porto que, como é sabido, é unha zona na que se adoita falar eslovaco con acento de Murcia.

Si. A cousa segue; parecía que a tendencia comezara a cambiar, pero o retroceso é brutal. Está vivísimo ese in-

consciente sobre o galego como fala esquinada e residual, lingua en coidados paliativos terminais, con cheiro a estrume, sardiñas e gaita. Lastre. Prescindible complicación. Etiqueta política.

A miña pregunta honesta e aberta a Feijoo e ao seu Conselleiro de educación é esta: cal é a vosa visión sobre o futuro do galego? Existe? Deixémonos de xogos de pequenos, de disimules, de cálculos electorais cativos, saquemos do armario o noso imaxinario sobre o galego. Como vemos o galego de hoxe en cen anos? Queremos iso? É iso o que merecemos? E desde aí, tirar do fío: É unha perda ter lingua propia? Hai linguas inservibles para as matemáticas? Son coruñeses e vigueses seres xenéticamente incapacitados para un bilingüismo real e efectivo? Que é normalizar o galego? Por que tanta retórica sobre preguntarlle aos pais, se despois seguimos sen satisfacer a un 40% da xente das cidades que manifestamos a preferencia por un ensino en galego? Por que non nos deixamos de tanta farsa, de tanto complexo pailán?



¹ (http://www.lavozdeg Galicia.es/SSEE/print.jsp?idContenido=0003_8484460&idSeccion=75B2FDE10A80B198009B69760858793C)

Editorial O xenérico cabreo de Pajín

Resulta sorprendente e irritante o “celo centralista e igualitarista” do goberno central, sexa cal sexa o tema, o evento ou circunstancia.

Neste caso é o catálogo de medicamentos xenéricos que a Xunta decretou en aplicación dunha lei aprobada polo Parlamento de Galicia co apoio do PP e do BNG. A ministra Pajín enarbora a bandeira da unidade da patria e da demagogia dos dereitos idénticos, interpoñendo recursos xudiciais contra o decreto da Xunta e a Lei do Parlamento galego, xa que os galegos e galegas “non teríamos acceso aos mesmos medicamentos” có resto dos españois.

A posición da ministra socialista de Sanidade, invocando un demagóxico igualitarismo, é absurda

unha medida universalmente reivindicable e sensata. Porque son máis baratos e igualmente efectivos. O xenérico é unha marca branca, que asegura a correcta administración e dosificación do principio activo -que é o que “cura”-, prescindindo da presentación máis cara que cada laboratorio farmacéutico -as inocentes multinacionais farmacéuticas- fan deses principios activos.

A reacción do Ministerio parece unha rabecha a destempo, o típico “iso está mal porque non se me ocorreu a min primeiro”. Especialmente a destempo porque invocar que un aforro de 60 millóns de euros ao ano -aínda que fose a metade, tanto ten- pode resultar ridícula para as altas instancias madrileñas, pero é vital para os proxectos sociais e sanitarios dun país como Galicia. Un único millón de euros de aforro sería un enorme logro precisamente agora, cando a Administración central acaba de promover, por pura necesidade de sobrevivencia, o maior plan de axuste social, pensións incluídas, que se recorda en décadas.

Que unha ministra socialista de Sanidade, neste contexto, se aliñe cos intereses e posicións da industria farmacéutica invocando un demagóxico igualitarismo de dereitos, é, simplemente, o colmo do absurdo. Ao tempo, haberá que facerlle á Xunta un seguimento para que garanta aspectos básicos. Por exemplo, que non se nos coe, pola porta de atrás, unha redución de cobertura da lista de medicamentos elixibles ou que aqueles que teñen unha alerxia ao excipiente que veña no xenérico do catálogo teñan a posibilidade de probar con outro de marca.

Precisamente cando se fala de crise e mesmo de colapso do sistema de seguridade social, do gasto farmacéutico disparado -especialmente en Galicia, onde se abusa do medicamento subvencionado-, da necesidade de racionalizar o uso dos recursos sen limitar os dereitos..., a prescrición de xenéricos é

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Non recordo dende que idade levo seguindo ao humorista relixioso José Luis Cortés pero sei seguro que dende antes da miña adolescencia xa admiraba e sorría cos seus cómics. Lin e servíronme de axuda os libros que foi publicando. Libros con títulos como Un señor como Dios manda, El Señor de los amigos... Son viñetas cheas de fonda reflexión relixiosa non exenta de amarga crítica a certas cousas que todos sabemos que na Igrexa non están ben. A verdade é que vos recomendo ler ou reler calquera das súas obras.

Os que somos seguidores deste sacerdote humorista estamos de noraboa. Resulta que agora ten un blog en internet. Todos os días publica unha das súas viñetas e podemos ter un segundo para

unha reflexión urxente e un sorriso. Se queredes seguilo tedes que meter en google “hermano cortés” e de seguro que o atopades. Está no servidor de periodista digital. De verdade que é moi aprobeitable.

Estes rumores tamén queren ser un motivo de ánimo para este debuxante. Xa sabedes que en internet hai un pequeno pero xaleante grupo de censores e gardiáns da ultraortodoxia que se dedican a sinalar todo aquilo que non é puro para as súas mentes. Xa están atacando a Cortés. De igual xeito que nos atacaron coas Romaxes agora estes se dedican a sinalar as viñetas cheas de sentidiño que a outros nos fan sorrir. Ánimo, Cortés. Grazas a ti tamén sabemos que Deus é humor.



1



3



2



4



A peneira

1

No Ano do **ALZHEIMER** denunciámos que non hai prestación para o 38% de dependentes. O 68% son beneficiarios, dos que 53.250 están recoñecidos e con axuda económica. Falta atención a domicilio nunha poboación prexudicada pola dispersión. 34.100 non lles aprobaron a solicitude. Carmen Pena, de Afamu, Asociación de Familiares de enfermos, presenta o libro sobre esta enfermidade.

2

O 11 de agosto remata o Ano da **MOCIDADE**. Entre nós o 35% dos novos están no paro. Son o 7,5% da poboación e o 17,5% dos parados. Só 1 de cada 3 ten contrato indefinido. Mentres 51.000 traballan no privado 6.300 pertencen ao público. 20.300 non estudan nin buscan traballo e 23.300 procuran traballo. O 75% conviven cos pais, un 33%, sen soldo. Solicitaron un 17% menos de axudas para á gandeiría con respecto ao 2009.

3

NO ANO EUROPEO DAS e DOS VOLUNTARIOS, hai entre nós máis de 40.000 en 800 organizacións. Na foto, a entrega simbólica de carbón na Xunta, pola coordinadora de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento, que denuncia que hai un descenso do 19,4%, no orzamento da Xunta para a cooperación.

4

A Paula de Mondoñedo, a Berenguela de Santiago, a Froilana de Lugo, e os bronce de toda Galicia repinican no centenario de **CUNQUEIRO**, na foto con Fernández del Riego, o 22 de decembro (tres días antes fora o bicentenario de Pintos, que vai ter o congreso en Pontevedra). Sarabela vai representar a nova versión do Don Hamlet de Cunqueiro.

5



6



8



7



Alfonso Blanco Torrado

5

Puxemos a hora no 2011, co reloxo de sol do Concello de Viveiro. O 15 remata o prazo para o censo das municipais, coa sombra do **VOTO** de 334.360 residentes ausentes, que dende o 1905, vai e vén. Nas autonómicas do 2005 acadou o 6,3% e mesmo son maioría nalgún concello. Chegou a cambiar o escano de 10 deputados. Mentres, 21.000 inmigrantes votan por primeira vez.

6

O **MURAL** da Coruña animou 10 artistas a denunciar en tascas, o abandono dos murais surrealistas de Urbano Lugrís no Vecchio, A Bottega, O Rodicio, ou o Pescador de Malpica. Na ilustración o seu "Lembrando tempos mellores". Ata o 13 imos velo na Casa das Artes de Vigo na mostra con Castelao, Colmeiro e Soutomaior. Despois podémolo ver na permanente do Quiñones de León

7

O Ano do **BOSQUE**, advirte que non só o lume ataca o monte; tamén o minifundio e a falacia da Xunta, que esixe madeira certificada ao tempo que non concede tal certificado. Así, hai que importar da China e Brasil onde é producida sen control e en condicións inxustas. No 2009 cortáronse 7 millóns de m³, e só 100.000 toneladas tiñan o certificado obrigado en Europa. Xera o 2,5% do emprego (6000 directos e 28.000 indirectos).

8

Feijoo non deu alongado o Xacobeo coa maxia clientelar e fracasou coa visita do Papa. O Deus de Xesús non se deixa manipular e maniféstase na sinxeleza do Neno pequeno e feble. **A CATEDRAL**, no gravado de Castro Gil, celebra 800 anos da consagración, coa exposición da súa historia e da cidade, e obras de rehabilitación, principia-das na Torre Berenguela

✿ 27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41 - Fax 982 - 55 78 04
e-mail: sargadelos@sargadelos.com

✿ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37/62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04
e-mail: ocastro@sargadelos.com

✿ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 - Fax 981 - 58 58 88
e-mail: galeriasantiago@sargadelos.com

✿ Real, 56
15003 A CORUÑA
Teléf.: 981 - 22 26 04 - Fax 981 - 22 26 04
e-mail: galeriacoruna@sargadelos.com

✿ Provença, 274 - 276
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 03 68 - Fax 93 - 215 01 79
e-mail: galeriabarcelona@sargadelos.com

✿ Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30 - Fax 91 - 310 48 30
e-mail: galeriamadrid@sargadelos.com



✿ Habana, 12
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26 - Fax 988 - 37 09 28

✿ Rubalcava, 30 - 32
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14 - Fax 981 - 35 37 16
e-mail: ferrol@sargadelos.com

✿ Pza. Sto. Domingo
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04 - Fax 982 - 24 49 13
e-mail: sargadeloslugo@terra.es

✿ Urzáiz, 17
36201 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50 - Fax 986 - 22 04 74
e-mail: info@galeriasargadelos.com

✿ Oliva, 24
36001 PONTEVEDRA
Teléf.: 986 - 85 25 84 - Fax 986 - 85 79 18

✿ Pza. de España, 2
27400 MONFORTE DE LEMOS
Teléf.: 982 - 40 26 57 - Fax 982 - 41 60 33
curgical@curgical.com

✿ Conde de Fenosa, 38
32300 O BARCO DE VALDEORRAS
Teléf.: 988 - 32 05 86

✿ Rúa Castelao, 52
36980 O GROVE
Teléf.: 986 - 73 09 68 - Fax 986 - 73 23 34
espiroide@yahoo.com

✿ Calvo Sotelo, 8
36680 A ESTRADA
Teléf.: 986 - 57 52 46 - Fax 986 - 57 02 94
sargadelos@aestrada.com

POLÍTICA

Pedro Pedrouzo Devesa

Un dos motivos polos que a banca ten tan mala fama é polo frecuente abuso que fai da súa posición dominante sobre os clientes. Toma decisións que afectan directamente a eses clientes e ante as que non se pode facer nada. Os países occidentais encóntranse nunha situación semellante fronte a China, o banqueiro do mundo.

A enorme cantidade de divisas que adquire China grazas ás súas exportacións e a dificultade das empresas foráneas para entrar no mercado chinés convirten a China en posuidora de enormes cantidades de diñeiro que necesita investir nalgún sitio. Unha das saídas máis vantaxosas para eles é a compra de débeda pública de países que, como EUA ou España, teñen que pedir empréstado diñeiro para poder acometer o seu gasto público.

Todos coincidimos en que os gastos necesarios teñen que seguir facéndose por dous motivos: para non parar a actividade económica dun país e para minorar as desigualdades (reais, non figuradas) existentes entre os seus cidadáns.

rados e moitos máis inactivos, obriga a facer unha reflexión en alto: se non queremos depender excesivamente doutros países, pero queremos, ao mesmo tempo, manter o noso nivel de benestar social, a solución é aumentar a produtividade do noso traballo (máis preparación, máis implicación, máis esforzo para facelo ben). Iso sen descuidar o control daqueles máis ociosos que queren vivir a costa do traballo dos demais. Non hai nada de balde: a xustiza e a democracia gáñanse cada día co noso traballo.

O aumento do gasto público ten un gran lastre: quen accede a emprestarnos diñeiro pasa a ter un poder político importante sobre nós. As relacións económicas entre os países, que deberían ser equilibradas, tórnanse perigosamente dependentes. Aos que vimos (tamén) a saída de Irak como un signo de independencia fronte ás directrices norteamericanas dános mágoa a tibiedade coa que opinamos sobre os abusos que comete o outro gran coloso mundial: China. O seu poder é menos militar que o norteamericano.

Quen presta, manda.

O problema de pedir empréstado diñeiro é que nunca sabes realmente canto che vai custar devolvelo. Os xuros varían, e o efecto que provoca sobre as finanzas dun país o seu aumento é equiparable ao que sufrimos coas revisións das hipotecas. O noso país está sufrindo un cerco financeiro por parte dos que posúen a capacidade para emprestarnos diñeiro que, engadido á incapacidade que temos de xerar riqueza con 4 millóns de pa-

no (por agora), pero é moito maior o seu poder financeiro. China non é só banqueiro de España, tamén o é de Norteamérica. É o primeiro caso dun país que chega a un nivel de riqueza semellante sen que iso leve aparellada a súa apertura democrática. A historia de calquera país sempre trouxo parellos o benestar económico e a democracia. Neste sentido, China é unha incógnita.



O Peto do Santo Antón

Rubén Aramburu

Alguén definiu o fanatismo como a incapacidade dalgunhas persoas para soportar que outras sexan felices. Debe ser certo, pero non debe ser cousa de poucos senón de moitos polo que vemos nestes últimos tempos e sobre todo na relixión. O Papa ven de convocar un novo encontro entre relixións aló, na nosa cidade de Asís. Oxalá teña bos resultados e axude a abrir as mentes e os corazóns a aqueles que matan no nome de Deus. Centos de cristiáns foron asasinados no pasado ano, moitos cando estaban nos templos rezando. Gustoume moito un debuxo de Cortés no advento, aparecía Xoán Bautista dicindo: Hipócritas! Preocupádevos menos dos homes que se aman entre eles e máis dos que se matan entre si. Pois tenche moita razón, as relixións están tan preocupadas por controlar a vida sexual que esquecen de cousas moito máis graves.

O malo que estas persecucións tamén se dan entre nós, e medran os acusóns, os que se pasan o día espiando e denunciando, pendentos da mínima falta para reclamar autos de fe e fogueiras antiherexes. Dáme en pensar que é xente de pouca oración, ou que cando rezan non escoitan a Deus senón así mesmas. O Papa ademais do encontro de Asís, debería convidar ao silencio a tanto pampo inquisidor, o silencio é barato e moi san. Xa hai algúns que poñen a parir ao Bieito por esta convocatoria franciscana. A min gustaríame ir e orar collido da man dun budista, dun xudeu, dunha musulmana... pero está moi lonxe. Ven aí a semana de oración pola unidade dos cristiáns, aínda que por aquí non lle facemos moito caso. O venres 21 rezaremos xuntas varias confesións cristiás na parroquia dos Placeres en Pontevedra. É un bo momento para recordar que son máis os que aman que os que odian, só que estes fan moito barullo.



O CARRABOXO UXO por RUBÉN LOIS



Entrevista 15 anos da Cova da Terra.

Valentín Arias

Conversa con Clara Raposo



Falar en Lugo de Comercio Xusto é falar da Cova da Terra, unha organización formada por voluntarios con moita entrega e dedicación que cumpren 15 anos loitando por transmitir uns valores de consumo ecolóxico e de apoio ao terceiro mundo que merecen toda a nosa consideración. Falamos con Clara Raposo Gonzalez, unha das responsables da Cova da Terra, unha muller que reflicte vitalidade, simpatía e forza. Pontevedresa ela, pero luguesa de adopción dende hai moitos anos, leva no mundo do asociacionismo 17 anos. Cre que a sociedade pode cambiar e mellorar e agradece a xente que se atopou no seu camiño o seu crecemento como persoa e cidadá.

Como naceu a idea de formar A Cova da Terra?

Corría o ano 1993 e en Lugo estabamos en plena campaña da plataforma 0,7%: acampadas, folgas de fame e sobre todo... moitas reunións interminables para debater se a cooperación ao desenvolvemento era unha solución á problemática da fame. Destes debates xurdiu a necesidade de atacar o problema por varios flancos: a cooperación, as finanzas (banca ética) e o mercado (un comercio máis xusto). Como xa daquela había xente en Santiago interesada no comercio xusto, xuntámonos con eles e empezamos unha formación intensiva. Como en Lugo eramos todos xente de acción non podía quedar soamente en falar así que o final lóxico desta historia foi abrir un punto de venda (o primeiro en Galicia) en 1995 para poder ter acceso a produtos de comercio xusto.

contabamos coa xente de Santiago que daquela tamén estaban no mesmo proceso que nós e de feito logo eles fundaron a *Asociación Panxea*. Aínda así houbo que adicarlle moito tempo á nosa formación, a dar charlas para dar a coñecer o proxecto, poñer postos en feiras, etc.

Outro dos atrancos foi non ter moita experiencia no mundo comercial, xa que viñamos case todos do mundo da cooperación. A isto uníronse os problemas xurídicos, xa que daquela a Lei de asociacións non contemplaba ingresos por vendas e ninguén sabía como tiñamos que facer para declarar esas vendas.

Tampouco non axudaba o descoñecemento do concepto do comercio xusto por parte da xente, ao que se unía as propias eivas do funcionamento do comercio xusto no comercial e as limitacións das importadoras, que estaban a iniciar a súa andaina.

Esperamos que se instale un consumo máis baseado no sentido común

Que atrancos máis importantes tiveses no inicio?

Ao principio estabamos moi perdidas, pero solucionouse cun grupo moi forte e ben estruturado. Ademais

Cales son as vosas principais actividades na actualidade?

Como asociación temos un programa educativo e o centro de documentación *Kandaharia*, onde se engloban unha morea de actividades, dende obradoiros en centros de ensino e colectivos, até xornadas de economía alternativa, etc. Mantemos un traballo en rede con

múltiples colectivos. Por exemplo, neste momento estamos implicados con outras organizacións nun proxecto moi interesante de soberanía alimentaria e feminismo e tamén outro tentando levar todos estes temas ao rural galego.

Como percibides a resposta do pobo de Lugo?

Despois de 15 anos de traballo, notamos que en Lugo xa se coñece o que é o comercio xusto, a agricultura ecolóxica e outros conceptos máis novidosos que estamos dando a coñecer como decrecemento, soberanía alimentaria, etc. Aumentou o consumo de produtos da liña social e ecolóxica, e aínda que a crise tamén se note, penso que quen se sensibilizou sobre estes temas vai reducir máis o consumo no convencional que no en produtos ecosociais. Aínda así a crise veu darnos a razón de que o modelo de consumo que imperaba era irreal e insostible, polo que esperamos que se instale un consumo máis baseado no sentido común.



Que actitude ten o comercio tradicional convosco?

A relación é boa xa que non hai idea de confrontación co pequeno comercio. Aínda máis, nós defendemos e apoiamos as pequenas iniciativas locais que é un tipo de economía máis amable co contorno, xa que os beneficios quedan onde se producen os ingresos e tenden a repercutir en toda a poboación.

Algúns pequenos empresarios interesáronse pola proposta do comercio xusto e ecolóxico, coa idea de axudar ou dar cobertura a unha filosofía que compartían, non como fan as grandes superficies, que só incorporan o tema

Nós baseámonos noutros valores á hora de marcar o prezo: custo de produción, salarios dignos, pagamento ao produtor por manter unhas condicións sociais e ambientais na produción, ao que hai que engadir os custos de transporte, os gastos da distribución e venda, respectando pagar salarios dignos e xustos a todos os traballadores da cadea. O que non se pretende é facer especulación.

Como podería axudar a poboación ao comercio xusto?

Hai moitas fronteas abertas nas que loitar por mudar o mundo, mais cómpre unha loita comunitaria, non só individual, para podermos asegurar ese cambio. Nisto é fundamental o consumo, unha das actividades que máis facemos durante o día, a través da cal podemos apoiar iniciativas económicas de carácter social e ecolóxico. Temos que facer viable este cambio, para iso cómpren organizacións que loiten por un comercio máis xusto coas persoas e a natureza aquí e alén dos mares.

Cómpren organizacións que loiten por un comercio máis xusto coas persoas e a natureza

Como responden os Organismos públicos para axudarvos?

O comercio xusto entra dentro das liñas de axuda á cooperación. Aínda que nun principio isto non acontecía así, o traballo das organizacións de CX fixo que pouco a pouco se lle dese cabida a este novo tipo de cooperación. Mais en Galicia, que xa tiña unha das axudas á cooperación máis baixas do Estado español, neste último orzamento aínda recuamos máis, ao se recortaren as axudas, afastándonos máis do pretendido 0,7% resulta que o que se fixo foi reducir esta partida orzamentaria. Mais as outras administracións, máis próximas, coñecen o noso traballo de primeira man e apóiannos bastante.

ecosocial para cubrir nichos de mercado e vender unha falsa imaxe solidaria e ecolóxica.

Hai moita diferenza de prezo entre os vosos produtos e os convencionais?

O primeiro que habería que definir é cal é o prezo real dun produto. Estamos nun sistema capitalista onde quen marca o valor das cousas non é o produtor senón o mercado en función da demanda, da oferta, da moda, da marca, da publicidade. Ben se coñece a denuncia dos produtores e consumidores sobre a gran diferenza entre o prezo que se lles paga a uns e o que se lles cobra a outros.

Cales son os vosos retos máis inmediatos?

O Nadal, a época de maior consumo, é unha época fundamental para amosar o concepto de consumo polo que nós traballamos. Temos un interese especial en traballar cos cativos, as grandes vítimas das campañas publicitarias, ás que van ir dirixidas unhas xornadas de consumo responsable. Por outra banda temos xa próximo o noso 15º aniversario, que imos aproveitar para celebralo facendo unha retrospectiva do movemento asociacionista en Lugo neste tempo.

O comercio xusto está a medrar. Xa contamos cunha rede galega de consumo consciente con máis de 10 grupos que venden en distintas partes de Galicia. Ademais, algúns deles xa teñen venda electrónica coma nós que puxemos andar xa fai tempo a cibertenda (www.cibertenda.covadaterra.org).

O Fervedoiro: A invisíbel efervescencia da música galega

Román Landín

Trazar un panorama da música galega no ano 2010 non deixa de ser unha tarefa curiosa cando o traballo de solistas e bandas está suxeito a uns ritmos diferentes aos que caracterizan unha produción cultural estábel e normalizada. Un disco de Berrogüetto ou Lamatumbá, por falar de dous grupos referenciais, ten un percorrido máis pausado e longo, e a dinámica da edición, presentación, difusión e contacto co público, que ao final reatualimenta a propia creación artística, non sabe de exercicios anuais.

Na escena galega hai calidade, variedade e apostas arriscadas e orixinais

Calidade clandestina

O ano que vén de rematar volve demostrar que na escena galega hai calidade, variedade e apostas arriscadas e orixinais. A que se debe entón que o público descoñeza o que se está a facer? Por que non existe unha demanda que responda a esta oferta talentosa e relativamente ampla? A música galega sobrevive á marxe dos circuítos maioritarios, o público non a atopa nos medios de comunicación, que lle prestan unha atención marxinal. E se isto sucede en xornais, radiofórmulas e canles de TV privados, máis grave é que os medios públicos prioricen a produción allea fronte á propia. Se o 2009 supuxo a desaparición de programas como *Aberto por Reformas* e *Extrarradio* na RG e *Onda Curta* e *Miraxes* na TVG, o 2010 confirmou a posición subalterna da música, confinada ás segundas canles e a horarios clandestinos da radio e televisión galegas. As no-

vidades discográficas rara vez teñen cabida en informativos e magazines, que non adoitan picar discos galegos nas ráfagas, anuncios e minutos musicais de recheo. A RG mesmo lle fixo contraprogramación ao *Apologhit*, concurso que viña coorganizando exitosamente con Vieiros, e lanzou o concurso *Vas-sacar-nota*.

Sounds from Spain

A esta eiva sumouse a falta de planificación institucional dunha Consellería de Cultura que parece desistir da encomenda de fortalecer unha industria musical aínda feble e necesitada de circuítos e estratexias de difusión. Relegada a un lugar secundario na programación xacobeá, a consellería volveu caer na identificación entre música en galego e música de raíz. “O pop e a música galega marcan a axenda de concertos patrocinados por Xacobeo 2010”, titulaba un comunicado de prensa da Consellería. Ignoramos que prexuízos existen para non vender como música galega o rock, o pop, o hip hop ou a fusión, e si grupos que cantan en castelán e inglés. Isto mesmo se repite nas publicacións da AGADIC ou de Xuventude e nas feiras internacionais ás que acode Cultura, agora baixo o selo *Sounds from Spain* que dilúe a oferta diferenciada nunha etiqueta global. A falta de patrocinios aos festivais locais e comarcais, onde os grupos galegos se fixeran un oco nos últimos anos, e a inercia na xestión das redes de locais de ensaio e locais de música en vivo, debilita máis os circuítos que dan oportunidades ás novas xeracións musicais.

Mais falabamos dunha oferta de calidade e diversa no 2010. A música de raíz retomou parte do vigor perdido na década cun auxe importante das citas reservadas á música tradicional e coa publicación dos discos de gran-





des referentes do folk como Luar na Lubre, Carlos Núñez, Mercedes Peón, Budiño, Cristina Pato ou Sondeseu. Un álbum que debe ocupar un lugar preferencial no 2010 é o esperado *Kosmogonías*, de Berrogüetto, que tras catro anos volveu para renovar un estilo propio e recoñecíbel, agora coa voz de Xabier Díez, e cunha videocreación de Olalla Sendón de agasallo. Outra proposta orixinal é a do compostelán Narf e o guineano Manecas Costas en *Aló Irmão!*, unha confluencia de tradicións e estilos traballada no directo, ao que tamén temos acceso en formato DVD. Aínda neste ámbito destacamos *O Manual de seducción* de Marful, froito dunha tranquila maduración de ritmos, melodías, arranxos e letras suxerentes que chega logo dun primeiro traballo publicado en 2006 que fora ben acolliado por público e crítica.

Propostas de Pop e cantautores

No terreo do pop sobresa o novo disco de The Homens, *Cuarta potencia*, un power-pop renovado cun son máis melódico, coa aparición do órgano Hammond e unhas guitarras máis potentes e afiadas que de costume. Un son máis experimental e rockeiro é o que achega Noise Project en *Asuntos*

que se resollen co tempo, disco que se pode descargar de balde do netlabel A Regueifa, plataforma fundamental xunto coa páxina Komunikando.net para a proxección da escena alternativa. Tamén dende a autoedición chega Fluzo cun sorprendente disco homónimo que se move nos límites do hip hop. Sen saír das marxes, confirmouse o hardrock melódico de Nao co seu segundo disco, *Coas túas mans*. Houbo estreas, ademais, de bandas asentadas como Ruxe Ruxe (*Na fura de diante*), os últimos bravús, e Lamatumbá, que con *A órbita da banda hipnótica* encheu de sons mestizos os escenarios festivaleiros, onde foron habituais grupos con discos do 2009 como Som do Galpóm, Cuchufellos ou Guezos, e O Sonoro Maxín, que por fin entrarán nos estudos de gravación neste ano.

Poden completar este abano de propostas para seguir coñecendo e gozando no 2011, apostas de autor tan singulares como as de dous Emilios, Emilio Rúa (*Interior*) e Emilio José (*Chorando apréndese*), o blues de Victor Aneiros (*Brétemas da memoria*) e a rica escena jazzística con Virxilio da Silva (*Odysseia*), Roberto Somoza (*Yellow*), Abe Rábade (*Zigurat*), Sumrrá (*Sumrrá 4.0*), Baldo Martínez e Maite Dono (*Sons-Nús*),

A Tribu (*A chamada*) ou Álvaro Bieito, que co seu *Introducing* non só inaugura a súa carreira senón tamén “Azos”, a primeira colección de jazz da discográfica galega Falcatruada.

A escolma anual ficaría incompleta se esquecemos produtos novidosos como *Na punta do pé*, de Pesdelán, un libro-CD-DVD cunha ben traballada proposta didáctica para aprender cancións, bailes e xogos do patrimonio tradicional galego-portugués, o *Galeoke*, o primeiro xogo de karaoke de música galega, e o número crecente de traballos publicados para o público infantil. Cunha produción ambiciosa que comeza a ser habitual e mestura música, textos, videoclips... en libros-disco ou CD-DVD, no 2010 chegaron *A nena e o grilo*, de Magín Blanco; *Tic Tac*, de Pablo Díaz; *Ola-ola-la*, de Mamá Cabrá; *Abracadabras*, con textos de Marica Campo e música de Pirilampo; ou o recién saído do forno *Arrollos de salitre*, de Xabier Díaz. Son estas achegas importantes para facer “normal” a música do país, e a lingua galega, nos cantares e nos xogos xa dende o berce.

Acollemento familiar: precísanse persoas dispostas



Hai poucos meses, Manuel Rivas agasalounos cun novo libro, presuntamente para público infantil. E digo “presuntamente,” porque calquera persoa que guste da súa maneira tan persoal de contar historias non poderá deixar de gozar, mesmo de emocionarse, coa súa lectura, independentemente da súa idade.

O libro titúlase *Milu*¹, e conta a súa historia, a de Milu, unha nena que, coma tantas outras, atravesa unha situación familiar con problemas e dificultades; unha situación que lle impide poder vivir, durante un tempo, coa súa familia de orixe, coa súa nai e o seu pai.

O desexable e o posible

Este tipo de situacións son moito máis frecuentes do que podemos pensar e coñecer. Por suposto, existen respostas para elas. A lei di que unha nena que non pode permanecer coa súa familia por algunha circunstancia sería², debería ir, en primeiro lugar, con outros familiares capacitados, se os houbera; con outra familia, en réxime de acollemento familiar; de non poder ser, ingresaría nun centro de menores.

Desgraciadamente, os servizos sociais e de protección á infancia, e a sociedade no seu conxunto, van en ocasións (e esta é unha delas) moi por detrás do que fixa a lei e as necesidades das persoas máis febles. Así que, despois do acollemento en fami-

lia extensa, o recurso máis utilizado é o que debería ser menos habitual e desexable: o ingreso nun centro. E non porque os centros funcionen mal, ou non procuren darlle o mellor a cada nena ou neno que nel están; todo o contrario (salvo excepcións, que as haberá, coma en todas partes). Os motivos son outros: as inercias e prexuízos das persoas directamente implicadas na toma das decisións (a pesar de ser profesionais), a maior dispoñibilidade de recursos neste sentido e **a carencia ou insuficiencia das alternativas: neste caso, de persoas dispostas a acoller de xeito temporal un neno ou nena.**

Familias que acollen

Se ledes o libro, veredes que a situación de Milu non é boa, tras marchar o seu pai da casa e a nai pechase en si mesma, desatendendo todo o demais (mesmo á súa filla); por iso, os servizos sociais, avisados pola súa profesora, interveñen e levan a Milu a un centro. Afortunadamente, aparecen dúas persoas, Lorenzo e Catarina, que a coñecen e a levan a vivir con eles, ata que, tempo despois, o seu pai e a súa nai recupéranse e, aínda que o conto remata antes, pode volver á casa.

Lorenzo e Catarina son o que se coñece como **familia acolledora**: persoas que se ofrecen a facerse cargo dun neno ou nena (ou varios nenos

1 “Milu”, de Manuel Rivas (texto) e Aitana Carrasco (ilustracións). Editorial Kalandracka. Pontevedra, 2010. Libro solidario, que achega o 10% do importe da venda á Fundación Meniños.

2 Concretamente, a Lei 1/1996, de Protección xurídica do menor (e da menor, supoñemos), e a Lei galega de familia. Estas situacións defínense como “desamparo”, e veñen sendo aquelas nas que se produce unha desprotección debido ao incumprimento, inadecuación ou imposibilidade de prestar os deberes básicos de coidado e atención a un neno ou nena por parte da súa familia (por abandono, malos tratos, toxicomanías graves ou outros motivos menos evidentes pero igual de nocivos).

ou nenas) que non pode vivir coa súa familia.

Hai moitos nenos e nenas como Milu, que precisarían dunha familia acolledora. Pero non hai familias abondo para acollelas.

É que non é fácil facer un acollemento familiar, é certo: supón incorporar unha persoa nova na nosa casa, e iso sempre é difícil, aínda que esta persoa sexa pequena e precise de nós. Temos que habituarnos, sexamos nós sós (para acoller non é preciso ser parella, pode facelo unha persoa soa; e de ser parella, non ten por que estar casada, nin ser heterosexual, nin ter fillos ou fillas) ou co resto da familia. E temos medo a facelo mal, a non responder de xeito adecuado ás necesidades dese neno ou nena.

Os medos

Pero isto non é o que máis preocupa á xente. Son dous os medos fundamentais de moitas persoas que, chegando a pensalo, deciden non dar o paso:

En primeiro lugar, **o medo ao remate**, ao momento no que o neno ou nena marche de novo a vivir coa súa familia, ou a outro lugar. Un acollemento é, por definición, temporal, e este momento, chegará³. E non nos gusta pensar nese intre, máis cando sempre pensaremos que “está mellor con nós”. Pero isto non é algo específico do acollemento, pasa en todas as relacións: que familia non pensa, cando o seu propio fillo ou filla decide independizarse, que moito mellor está na casa, con todo feito?; ou ta-

mén, deixamos de emparellarnos por medo a unha ruptura ou separación no futuro?

É bo ser conscientes deste remate, e é imposible que non nos doia e non suframos cando chegue. É a condición humana. Pero aínda así, non é certo que compensa?

O outro gran medo é a **familia de orixe do neno ou nena**: nun acollemento, o habitual é que teñan relación, incluso frecuente, con ela: visitas, mesmo saídas e pequenas estancias de fin de semana ou vacacións. Isto pasa nas separacións, e ás veces funciona ben e outras de pena. E sempre veremos a outra parte como a culpable, coa que non debe estar. Pero é a súa familia, e moi probablemente, volverá con ela algún día. Aprender a respectala e querela, dentro das súas circunstancias, non só é bo, é unha necesidade do neno ou nena, que tamén debemos aprender a facer.

Para afrontar todos estes medos hai persoas, profesionais, que están para axudar. En Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar –responsable da Protección á Infancia– ten dende hai anos delegado este traballo na Cruz Vermella, que conta con equipos especializados.

Pero de nada valen os equipos, os recursos... se falla o principal: as persoas dispostas a acoller.

E calquera que estea a ler este artigo pode ou poderá ser familia acolledora.



en Galicia
hai nenos
e nenas
que soñan
unha vida
en familia

acoller temporalmente
no teu fogar algún
destes nenos e nenas,
axudalos a vivir
o presente e mirar
sen medo o futuro

infórmate
programa de acollemento
familiar para situacións de
desprotección temporal
900 812 880
www.acollementofamiliar.org

Cruz Vermella

XUNTA
DE GALICIA

INFORMACIÓN SOBRE ACOLLEMENTO FAMILIAR:

900 812 880 e

www.acollementofamiliar.org

Oficinas provinciais da Cruz Vermella.

Xunta de Galicia – Servizo de Menores.

³ É certo que a lei contempla unha figura, o acollemento permanente, no que esta temporalidade se estende mesmo ata a maioría de idade. Pero son, ou deben ser, casos excepcionais (principalmente, nenos e nenas maiores, que manteñen unha relación coa familia de orixe, aínda que non se prevexa a posibilidade dun retorno) e non supoñen a súa adopción.

O noso taboleiro

FESTA DO LUME 2011

Irimia faille homenaxe a Pepe Chao



Onde?: En Don Bosco- Belvís. Santiago

Cando?: O sábado 5 de febreiro

Ademais da Asemblea xeral anual da Asociación (Aprobación da acta, rendición de contas, renovación da directiva, informe de actividades, etc...) este ano centraremos a xuntanza arredor dunha merecida homenaxe a Pepe Chao, cunha ampla mesa redonda de amigas e amigos de Pepe e de Irimia.

Faille sitio na axenda!!

ESPAZO DE TEOLOXÍA FEMINISTA

Para expresar a fe desde a nosa experiencia de mulleres.
Para aprender e coñecer teoloxía feminista.

Xuntarémonos os primeiros venres de mes de febreiro a xuño, alternativamente, en Santiago e Pontevedra.

Primeira xuntanza:
4 de febreiro de 18:30 a 20:30
C.Sociocultural Agustín Bueno
Castiñeiriño (Santiago)

Organiza
Mulleres Cristiás Galegas-Exeria

Esta actividade está aberta a todas as mulleres.
Cómpre anotarse antes do 31 de xaneiro en:
marisavidal@edu.xunta.es ou no tfno 986 670040 (Maite)



EDITA: Asociación A. IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros. **Correo electrónico** - asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Ninfa, Riveiro, Martínez

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: Artes Gráficas LITONOR S.A.L.

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://www.vieiros.com/canais/26/canal-irimia/> / <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>



Boa Nova



A PALABRA

DOMINGO 23 DE XANEIRO.

3º DO TEMPO ORDINARIO

Mt 4, 12-23

Cando soubo Xesús que encadearan a Xoán, retirouse a Galilea. Deixando Nazaret, foise establecer a Cafarnaúm, na beira do mar, en terras de Zebulón e Naftalí (...). E desde aquela empezou Xesús a predicar, dicindo: "Arrepentídevos, que o Reino dos Ceos xa está aí". Camiñando pola ribeira do mar de Galilea, viu a dous irmáns: Simón, tamén chamado Pedro, e Andrés; os dous, que eran pescadores, estaban largando o aparello no mar. Díxolles: "Vide comigo, e fareivos pescadores de homes". Eles deixaron de contado o aparello, e seguirono. Máis adiante atopou outros dous irmáns: Santiago e mais Xoán, fillos de Zebedeo, que estaban co seu pai na barca arranxando o aparello. Tamén os chamou, e eles coa mesma deixaron a barca e mais seu pai e seguirono. Xesús percorría Galilea enteira ensinando nas sinagogas e anunciando a Boa Nova do Reino, curando canta doenza padecía o pobo.

A CLAVE

Atopámonos ante o relato que fai Mateo sobre o inicio do ministerio público de Xesús. O evanxelista quere deixar clara a novidade radical que supón Xesús, que é presentado como o Mesías que agardaban os xudeus. Recorre, como será habitual ao longo do Evanxeo, a unha cita do Antigo Testamento, neste caso de Isaías, coa intención de amosar que se cumpría todo aquilo que fora anunciado. Mais busca tamén resaltar a singularidade de Xesús fronte a Xoán: a súa vida pública comeza despois de Xoán ser encadeado, e fronte á actividade do deserto, Xesús comeza a súa misión na Galilea dos xentís.

Nesta pasaxe, situada entre as tentacións no deserto e as benaventuranzas, Mateo presenta as liñas xerais de todo o seu Evanxeo: a conversión como punto de partida da mensaxe de Xesús, a presenza do Reino de Deus e a súa centralidade na mensaxe de Xesús, a importancia da comunidade e o seguimento de Xesús como o verdadeiro significado de ser discípulo. Xa dende o comezo Mateo amosa como a mensaxe de Xesús que non vai ficar só no teórico, na predicación e no ensino, senón que actuaba "curando canta doenza padecía o pobo".

Para Mateo, a primeira palabra de Xesús é "convertídevos". Semella ao que proclamaba o Bautista no deserto, mais o seu significado é diferenza. Xesús proclama a metanoia: cómpre mudar de opinión, abrirse a Deus e ao seu Reino, que xa está entre nós. Así, utilizando as palabras de Isaías, saímos da escuridade na que estabamos sumidos e brillou unha luz. Algo propio do primeiro evanxelista é a expresión perifrástica "Reino dos Ceos", que utiliza 33 veces ao longo do Evanxeo, e que emprega, como era común entre os xudeus, para evitar falar directamente de Deus. En que consiste concretamente este Reino, Mateo amosarao no relato da vida de Xesús, nos seus ditos e nos seus feitos. Non é unha promesa de futuro, moito menos algo escatolóxico: o Reino é unha realidade xa presente, e para quen quixeren participar del, non quedaba outro camiño que a conversión e o seguimento de Xesús. É un reino non para Deus senón para todas as persoas, unha realidade que cando a acollemos actúa entre nós, xogando as curacións e os milagres un papel fundamental na concreción deste novo tempo.

José A. Martínez

Falando da lingua

Lidia e Valentina

En decembro descansar, en xaneiro traballar


Pola santa Lucía mingua a noite e medra o día, lembrabamos en decembro; agora en xaneiro xa medra unha hora por enteiro e polo san Brais unha máis... Así vai describindo o noso refraneiro a nosa realidade. E repasando os refráns que coñecemos do mes de xaneiro, atopamos un bo lote que falan da “auga de xaneiro”... E co mes mollado que levamos, non nos queda outra ca recordalos: “A auga do mes de xaneiro mata ao usureiro” ou “A auga de xaneiro, todo o ano ten tempero”. É que cla-

ro: “A auga de xaneiro cada gota vale un diñeiro” e ademais “Poucas chuvias en xaneiro, enchen o canleiro”..., mentres que “Polo xaneiro verán, nin palla nin gran” ou “Xaneiro quente, trae o demo no ventre”. Aínda que a sabedoría do refraneiro cante as bondades das chuvias de xaneiro, tende en conta que tamén di iso de “Xaneiro mollado, febreiro trastornado”. Ata agora choveu moito pero aínda pode vir frío porque xa sabedes tamén o de “No mes de xaneiro, pon os pés no braseiro” xa que “Entre Nadal e xaneiro, inverno verdadeiro”, ou dito doutro xeito: “Nadal e xaneiro, fan o inverno enteiro”. E como remataron as festas e hai tanta crise, aínda habemos aplicar aquilo de “En xaneiro sabe a verza vella a carneiro”...

E arredor dun caldo de verzas (novas), nun día de arroiada, balón ou trebón, como lle queirades chamar, Xosé falounos dos **birrios (ou cirrios)** dos que nunca oiramos falar (uns

paxaros de cor negra parecidos ás andoriñas, aínda que máis grandes e de patas máis curtas, que se alimentan de insectos voadores). E dado que non puidemos saír a fóra a **demoucar**, que outros din esmoucar, derramar ou repolar, é dicir, podar as árbores, estivemos saboreando palabras, moitas da nosa infancia, moitas que xa hoxe non utilizabamos porque na vida que levamos non teñen lugar. E o caso do **abruón**, cada un dos paus que leva o carro na parte inferior da **cheda** para enganchar o adival e atar a carga. Eses termos viñan cunha enorme carga de morriña dun mundo que quedou atrás. Son palabras moi enxebres, pero en desuso. Está claro que non ten sentido que a xente moza aprenda os nomes das partes do carro, pero pode seguir usando termos como **celeiro, esgazar ou gradicela...** Pero disto falamos o próximo día.

Ata máis ver!



O Fachineiro da lingua

(Des)propósitos de comezo de ano

Disque é costume comezar o ano cuns obxectivos que se van vendo adiados por outros máis urxentes. No comezo das listas adoitan os de anotarse no ximnasio para atacar as calorías, acometer unha reforma doméstica, esquecer idiomas... Este último é o propósito máis grato ao goberno galego, sobre todo se o que se quere esquecer é o propio, xaora. Para celebrar o primeiro cabodano do decreto contra o galego -que vén sendo a disposición máis contraria á nosa lingua que ninguén



Coáchela coma un cazapo, conselleiro

ousara facer en período democrático- traballaron abnegadamente nas vacacións escolares, coma o ano pasado- e asegundaron tal fazaña coando na Lei de convivencia o abeiro legal para preguntarlle ás familias a que ritmo lles gustaría eliminar o galego das aulas. E sen consultar con ninguén, que en San Caetano chéganse, sóbranse e están encantados de coñecerse. Claro que como dixo o outro, para a Lei de caza tampouco consultaron os coellos.

A.Q.